

RECOMENDACIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO. SETEMBRO DE 2010

Na súa reunión de 18 de setembro de 2010, avaliada a nova estrutura de exame utilizada durante o curso 2009-2010, o Grupo de Traballo da materia Historia da Arte propón as seguintes recomendacións aos profesores encargados de impartir a devandita disciplina en segundo de bacharelato.

1ª A importancia de diferenciar claramente os estilos de épocas ou os diferentes movementos artísticos como base non só para unha perfecta clasificación das obras senón coma o punto de partida indispensable para a súa análise e comprensión. Neste senso tamén é imprescindible fixar a súa cronoloxía, polo menos nos ámbitos máximos de cada un dos estilos ou dos movementos. É absurdo, por exemplo e como atopamos nos exames deste ano, clasificar o Pórtico da Gloria como unha obra de estilo “barroco” e encadrala cronoloxicamente no século XVI, o cal invalida por completo a súa clasificación, pois de nada vale coñecer o nome dela ou inclusive ou do seu autor se estamos totalmente errados no seu marco cultural.

2ª Neste senso, o contexto histórico-artístico que se pregunta no punto “b” debe explicárselles aos alumnos non quedándose exclusivamente nun relatorio dos feitos históricos, senón, sobre todo, facendo fincapé na cuestión das mentalidades e da cultura, que son as que van achegar máis luz na comprensión da obra de arte.

3ª Verbo disto mesmo, non estaría de máis que os profesores/as realizasen, como estamos seguros que moitos fan, pequenas introducións a cada un dos estilos ou dos movementos, dando as súas características xerais, e, logo, cando se analicen os diferentes artistas, tratar de utilizar exemplos moi claros na produción daqueles en que as devanditas características poidan ser facilmente percibidas. Como orientación propóñense as seguintes obras:

- O Partenón
- O Templo da Niké Aptera
- O Erecteion
- O Panteón de Roma
- O Discóbolo de Mirón
- O Doríforo de Policeto
- Frontóns do Partenón
- Hermes de Olimpia e Venus de Cnido de Praxiteles
- O Aproximeno de Lisipo
- A Ménade de Scopas
- O Panteón de Roma
- O Coliseo
- O Arco de Triunfo de Tito
- Acueduto de Segovia
- Teatro de Mérida
- Santa Sofía de Constantinopla.
- Santa Comba de Bande
- Santa María del Naranco
- San Miguel de Celanova
- Interior da Catedral de Santiago
- Esculturas de Praterías

O Pórtico da Gloria
Interior do Mosteiro de Oseira
A Catedral de Reims.
O Pórtico Real da Catedral de Chartres
Anunciación de Reims
Visitación de Reims
Giotto. Capella dos Scrovegni: O pranto ante Cristo Morto e O bico de Xudas
Van Eyck : Virxe do Chanceler Rollin, O matrimonio Arnolfini
Brunelleschi: Santa María dei Fiori e Basílica de San Lourenzo
Donatello: David e o Gattamelta
Masaccio: O Tributo
Leonardo: A Virxe das Rocas e A Gioconda
Rafael: A Virxe da Pradería ou a do Xílgaro. A Escola de Atenas
Miguel Anxo. David. Moisés. Piedade do Vaticano e Piedade Rondamini de Miguel Anxo
A Capela Sixtina de Miguel Anxo
Bramante: San Pietro in Montorio
Cúpula de San Pedro do Vaticano de Miguel Anxo
O Escorial
O Greco: O martirio de san Mauricio, O enterro do Señor de Orgaz. A adoración dos pastores
Fachada de San Pedro do Vaticano de Maderno
Praza do Vaticano de Bernini
O baldaquino de San Pedro do Vaticano de Bernini
Andrade: Torre do Reloxo da Catedral de Santiago
Fernando de Casas: Fachada do Obradoiro
Simón Rodríguez: Fachada de Santa Clara de Santiago
Bernini: A Transververación de Santa Tareixa. Apolo e Dafne
Gregorio Fernández: Cristo Xacente
Caravaggio: A vocación de san Mateo e O enterro de Cristo
Velázquez: O *aguador* de Sevilla. A fragua de Vulcano. A rendición de Breda. As Meninas. O Bufón do Pablos de Valladolid
Goya: O oleiro valenciano. A familia de Carlos IV. As ‘Majas’. O dous de Maio. Os fusilamentos de La Moncloa. O aquelarre
Manet: O almorzo campestre
Monet: Impresión, sol nacente. A serie da catedral de Rouen
Cezanne: Natureza morta con tarteira (Colección Sr. y Sra. Lacomte, París 1879-1882.
Búscase na Internet pondo en Google: “Still Life with Comptier+Cezanne)
Van Gogh: A habitación de Arlés
Gauguin: Despois do sermón
O grito de Munch
A raia verde de Matisse
Pintura con tres manchas (Col. Thyssen) de Kandinsky
Picasso: A vida. As señoritas de Avignon. A moza da mandolina (MOMA, 1910) e Mujer con Mandolina (MOMA. Donación de Mr. And Mrs. David Rockefeller, 1914). Tres mulleres nunha fonte (Moma). Pablo vestido de Arlequín. Os tres músicos. O Guernica. As meninas (conjunto) segundo Velázquez
Mondrian: Táboa número 1
A fonte e L.H.O.O.Q. de Marcel Duchamp
A persistencia da memoria de Dalí

A casa da fervenza de Wright
A casa Saboya de Le Corbusier
A igrexa de Ronchamp de Le Corbusier.
Fernández Albalat: Fábrica de Coca-Cola da Coruña
Pollok: Número 1
Tapiés: Marrón e Ocre
Warhol: Sopa Campbell's. Marilyn Monroe
Roy Lichtenstein: Nu con pirámide.

4ª No exame, os alumnos débense centrar ao facer o comentario exclusivamente na obra proposta. Por exemplo, se esta é o interior da catedral de Santiago, non se debe falar das esculturas de Praterías ou do Pórtico da Gloria. Iso si, no caso de que se trate dunha obra dun artista coñecido, pódese facer referencia á súa evolución estilística, encadrándoa na etapa correspondente.